

#BUEUCONFORZA



DEPORTE  
GALEGO

difain  
distribución  
de pinturas  
y color



GESCOLOR  
GESTIÓN DE PINTURAS Y COLOR, S.L.

NON  
a violencia  
de xénero  
25N

f Bueu Atlético Balonmán

@bueuatleticobalonman

www.bueuatleticobalonman.com


# ESCOLAS DE BALONMÁN BUEU ATLÉTICO



2021|2022

Se naceches entre o 2004 e o 2017  
apuntate a este novo curso, que  
comeza en setembro e rematará o  
31 de maio.





## FILOSOFÍA DAS ESCOLAS

Iniciase un novo curso das escolas de balonmán do Bueu atlético co obxectivo de contribuír á formación integral das nenas e nenos que deciden participar nas mesmas. Para as máis pequenas e pequenos a práctica deportiva pode ser a principal fonte de aprendizaxe dunha serie de valores positivos que lles aportará maior benestar no seu día a día. Estes valores son:

**Compromiso:** O deporte ensinanos a comprometernos con algo ou alguén, as nenas e nenos fanse conscientes de que hai uns días de adestramento e partido. Aprenden a que no se pode non asistir sen causa xustificada por respecto os seus compañeiros.

**Traballo en equipo:** É un valor importante dentro das nosas vidas. O traballo cooperativo débemolo desenvolver dende pequenos.

**Responsabilidade:** Ser puntual os adestramentos e convocatorias, preparar a mochila co material de adestrar, é un aprendizaxe que non se debe considerar unha carga. As nenas e nenos teñen que ter responsabilidades dende sempre de acordo á súa idade.

**Esforzo:** Diariamente en cada adestramento facémolos conscientes dos logros adquiridos do seu esforzo. Esta aprendizaxe trasládana a outros ámbitos da súa vida como poden ser os estudos ou o traballo.

**Convivencia:** Nos adestramentos, no vestiario, nos campionatos as nenas e nenos aprenden a convivir cos seus compañeiros e demais integrante do equipo.

Os valores que transmite o deporte son múltiples e diversos, todos eles poden e deben aprenderse dende corta idade. Non é necesaria a súa imposición, se non simplemente enfocalos todos e cada un como unha necesidade do aprendizaxe.

Este curso será impartido por persoal cualificado e dividirse en dous apartados:

**TODOS OS NÓSOS ADESTRADORES E MONITORES SEGUEN NOS SEUS ADESTRAMENTOS O PROTOCOLO covid-19 TANTO DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN COMO DO CONCELLO DE BUEU.**

**INICIACIÓN O BALONMAN** Categorias Prebenxamín, Benxamín e Alevín

- Desenvolvemento das habilidades motrices e de relación co entorno.
- Balonmán como forma lúdica e básica.
- Hábitos deportivos saudables
- Habilidades específicas do Balonmán

**FORMACIÓN** Categorias Infantil, Cadete Xuvenil

- Comézanse a organizar no terreo de xogo, e se inicia a formación da condición física.
- Traballo técnico específico priorizando a súa formación persoal.
- Tecnificación enfocada por postos específicos.

PARA INSCRIBIRTE SO SERÁ NECESARIO ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A DIRECCIÓN [bmbueu@gmail.com](mailto:bmbueu@gmail.com) INDICANDO DATA NACEMENTO E TELÉFONO DE CONTACTO.

## PREZOS

Ante a situación derivada do Covid-19 todos os pagos realizaranse con cargo en conta bancaria. (recibo domicializado).

Os prezos serán populares e similares os de anos anteriores, mantendo o desconto do 50% pola matriculación a partir do segundo irmán.

As taxas e demais información serán facilitadas polo club mediante o mesmo contacto que para a solicitude de maticulación, [bmbueu@gmail.com](mailto:bmbueu@gmail.com).

**Todas e todos as rapazas e rapaces son invitadas e invitados a probar de maneira gratuita o mes de setembro.**

## HORARIOS

CATEGORÍA	DÍA	HORA	LUGAR	CATEGORÍA	DÍA	HORA	LUGAR
XUVENIL MASC. 2004-2006	MARTES	20:30 – 23:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	BENXA. FEM. 2002-2013-2014	LUNS	16:30 – 18:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
	XOVES	20:30 – 23:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO		MÉRCORES	17:00 – 18:30	PAVILLÓN BELUSO
	VENRES	20:30 – 23:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO		VENRES	16:30 – 18:00	PAVILLÓN BELUSO
XUVENIL e SENIOR FEM. A partir 2004	LUNS	19:30 – 21:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	BENXA. MASC. 2002-2013-2014	MARTES	16:30 – 18:00	PAVILLÓN BELUSO
	MÉRCORES	19:30 – 21:30	PAVILLÓN BELUSO		XOVES	16:30 – 18:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
VENRES	22:30 – 24:00	PAVILLÓN BELUSO	VENRES		17:30 – 19:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	
CADETE MASC. 2006-2007	MARTES	19:00 – 21:00	PAVILLÓN BELUSO	PREBENXA. T1 2016-2016-2017	MÉRCORES	16:30 – 17:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
	XOVES	19:00 – 20:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO		VENRES	16:30 – 17:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
	VENRES	19:00 – 20:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	PREBENXA. T2 2016-2016-2017	MÉRCORES	17:30 – 18:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
VENRES	19:00 – 20:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	VENRES		17:30 – 18:30	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	
CADETE E INFANTIL FEM. 2006-2009	LUNS	18:30 – 20:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	INFANTIL MASC. 2008-2009	MARTES	18:30 – 20:00	PAVILLÓN BELUSO
MÉRCORES	19:00 – 20:30	PAVILLÓN BELUSO	XOVES		18:30 – 20:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	
VENRES	19:00 – 21:00	PAVILLÓN BELUSO	VENRES		18:30 – 20:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	
ALEVÍN FEM. 2010-2011	LUNS	17:30 – 19:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO	ALEVÍN MASC. 2010-2011	MARTES	17:30 – 19:00	PAVILLÓN BELUSO
	MÉRCORES	17:30 – 19:00	PAVILLÓN BELUSO		XOVES	17:30 – 19:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO
	VENRES	17:30 – 19:00	PAVILLÓN BELUSO		VENRES	17:30 – 19:00	PAVILLÓN PABLO HERBELLO

